



ARQUITECTURA  
INDIANA  
TOMIÑO

# ESCOLA UNIÓN DEL PORVENIR

## A pegada das Américas



### Localización

Coordenadas 42.014158, -8.711026

**Tipo de ben:** escola

**Concello:** Tomiño

**Parroquia:** Taborda

**Lugar:** Piñeiro

**Cronoloxía:** 1931

**Construtor:** Serafín Fernández Costas

**Promotor:** *Sociedad Unión del Porvenir de Instrucción y Recreo*

**Propiedade:** -

**Uso actual:** ocio/bar

**Estado de conservación:** bo

### Comentario e descrición

Co fin de atender ao alumnado de primaria das parroquias de Taborda e Piñeiro, a *Sociedad Unión del Porvenir Instrucción y Recreo*, con sedes en Nova York, Bos Aires e Lisboa, promoveu en 1931 a construción dunha escola na que se impartiran clases aos máis pequenos e pequenas e que funcionase ao mesmo tempo como lugar de espallamento para as familias que foran socias. Constaba de dúas aulas na planta inferior onde se impartía docencia a nenos e nenas. Confiscada en 1936, o edificio continuou sendo centro educativo durante a ditadura franquista, ata que arredor de 1970 foi clausurada e abandonada.

Actualmente, tras unha recente rehabilitación rematada en 2013, o inmovible funciona como centro social para uso da veciñanza. O edificio, de planta rectangular posúe dúas alturas e está feito en perpiaños de cantería. A fachada principal artéllase simetricamente nos dous andares, repetindo a disposición de porta central acompañada por unha parella de vans a ambos lados. Estes levan na parte superior unha moldura decorativa en forma de prisma rectangular e como protección na parte inferior unha pequena balaustrada feita en formigón, o mesmo material empregado no balcón do segundo andar e na crestería de ornamentación xeométrica que percorre a cornixa. Foi común na arquitectura indiana mesturar materiais locais, como a pedra neste caso, co formigón, que permitía abaratar custos e acurtar tempos de realización. No frontón rematado en pináculo que coroa a parte central do edificio pódese ler a data de 1931 e *Unión del Porvenir*.

### Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicada).

FICHA DE CATALOGACIÓN  
Nº inventario: TAB-01

**Tomiño**  
CONCELLO

**DEPUTACIÓN**  
PONTEVEDRA